

Intervención do Presidente da Xunta de Galicia no Día das Letras Galegas 2023

Lourenzá (Lugo), 17 de maio de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia
José Ramón Gómez Besteiro, delegado do Goberno en Galicia
Rocío López García, alcaldesa de Lourenzá
Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades
José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo
Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega
Manuel Puga, presidente da Fundación Penzol
Familiares de Francisco Fernández del Riego

No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, pronunciado en 1960, Francisco Fernández del Riego fai un repaso pola evolución da lingua galega.

- **Refírese á que el chama "hora romántica"**, na que o idioma se entende como instrumento de creación lírica.
- Sitúa o xurdimento do galego como medio de comunicación cultural e social na **etapa das Irmandades da Fala**.
- **Á Xeración Nós** atribúelle o mérito de lograr que a nosa lingua acade todos os eidos da cultura.

Detense don Paco nunha reflexión de Alfonso Rodríguez Castelao que hoxe, 63 anos despois, axúdanos a enmarcar este Día das Letras Galegas. Afirma Castelao que un idioma "non nace pola vontade xenial dun grupo de homes, senón pola predisposición psicolóxica dun pobo". Velaí a clave, non só, do nacemento dunha lingua singular, senón tamén da súa conservación e fortalecemento.

Na Galicia do século XXI o galego é un instrumento de creación e tamén un medio de uso cotiá, pero sobre todo **establece un dos vencellos máis fortes que unen ao noso pobo**. O seu cultivo, a súa defensa, a súa

normalización, son un labor colectivo no que todos os galegos teñen cabida e do que todos os galegos se benefician.

Hai moitas razóns para a reivindicación do noso idioma. É un **legado** que só nós podemos posuír e transmitir. É un **tributo** obrigado a todos os galegos que nos precederon. Apórtanos unha riqueza expresiva adicional que non se logra con outros idiomas. Fainos partícipes dunha comunidade lingüística universal, grazas á proximidade coa lingua irmá portuguesa.

Permite tamén unha **convivencia fraterna** co idioma castelán. Pero ademais deses motivos xa importantes dabondo, **o galego únenos, achéganos, fainos máis próximos.** Representa un **patrimonio común** que está ao servizo de todos.

Neste día dedicado a el, temos definido a **Fernández del Riego como "o que nunca se rendeu"**. Non debía de ser doado naquel 1960 cando ingresou na Real Academia Galega. O seu actual presidente, Víctor Fernández Freixanes, resalta o entusiasmo vital de don Paco, aquela capacidade súa para dotar de enerxía todas as empresas a prol da cultura que protagoniza.

Sen ese motor serían inconcibibles todas as "criaturas" culturais que imaxinou, e que el no se limitou a idear, senón que as xestionou, as adaptou aos novos tempos e as abriu a ese pobo sen o cal o idioma e a cultura son ilusorios.

A mesma instauración do Día das Letras Galegas, debida tamén ao seu empuxe, forma parte da idea de facer partícipes a todos os galegos da festa maior do noso idioma. Estes mesmos días a nosa terra é un amplo escenario de proxectos expositivos, iniciativas de participación social, proxectos editoriais, propostas no eido educativo e académico, propostas na rede e unha ampla programación nos centros galegos do exterior.

O pobo, en suma, é o protagonista dunha homenaxe ao noso polígrafo que ten un fito especial na mostra *Cos ollos do espírito, Francisco Fernández del*

Riego, promovida pola Xunta de Galicia, a editorial Galaxia e a Fundación Penzol.

Neste 17 de maio podemos afirmar con orgullo que na Galicia actual non existe un problema lingüístico. A lingua non é un motivo de confrontación nin de liorta. Quen teime en buscar fronteiras lingüísticas herméticas non poderá atopalas. As linguas que coexisten na nosa sociedade teñen a mesma relación harmónica que os seus falantes.

Existe un modelo lingüístico galego que non é tributario de ningún outro, edificado sobre principios que en boa medida foron sementados por eses galeguistas empeñados no que Fernández del Riego chamou "empresa restauradora de Galicia". É un modelo xenuíno que descansa na igualdade e o respecto á lei; na fraternidade cordial entre os dous idiomas oficiais de Galicia; e na liberdade.

O reto consistía en normalizar o galego sen producir fracturas sociais.

A obriga legal e institucional non era outra que lograr que o galego estivera vivo en todos os espazos sociais, sen menoscabo da liberdade. Desde logo que sempre se poderá dicir que queda traballo por facer e avances que lograr. Toda empresa humana é mellorable. Sen embargo, eses desexos de avanzar que comparto non deberan negar os logros que os galegos culminamos xuntos.

Lonxe de ser unha apreciación subxectiva, está avalada por datos obxectivos. O Instituto Galego de Estatística constata que un 98,6 por cento dos nosos cidadáns entenden o galego, un 97 por cento saben falalo e unha porcentaxe semellante sabe lelo.

Ningunha das comunidades españolas con lingua propia obtén uns índices semellantes no relativo á normalización lingüística.

O Informe Pisa non é menos elocuente. Asegura que Galicia é a comunidade onde o alumnado fala as dúas linguas con maior facilidade. Un modelo avalado polos resultados e que impulsa novas iniciativas.

O **Proxecto Nós** fará que o galego forme parte dos novos usos tecnolóxicos, ao mesmo nivel que as grandes linguas do mundo. O tradutor de galego con tecnoloxía neuronal; a primeira tecnoloxía que entende o galego oral e o pasa a texto; e a ferramenta que, a partir dun texto, é capaz de ler en lingua galega, estarán proximamente a disposición de calquera que queira utilizalas.

Non falamos de mañá, falamos de hoxe. De feito, estas novas tecnoloxías están presentes xa na comunicación xerada para esta data que estamos a celebrar, para a nosa Festa das Letras.

A nosa lingua ven de lonxe e vai lonxe. A clave da súa fortaleza estivo, está e estará na súa comunión co pobo galego. El créaa, el protéxea, el aloumíña e el garante o seu futuro.

O novo disco de *Luar na Lubre* chámase **Encrucillada**, e conmemora os 37 anos de música deste grupo que é un dos primeiros e máis eficaces embaixadores de Galicia polo mundo.

A nosa lingua tamén está nunha encrucillada porque o mundo no que se inscribe é diferente, e son diferentes tamén as formas de comunicación.

Non temos dúbidas, sen embargo, de que esta encrucillada suporá un novo pulo. Son innumerables as encrucilladas que o noso idioma superou na súa longa historia, grazas a ser un tesouro colectivo que nos unía máis.

Xunto a ese pobo tenaz que defende o seu don máis prezado, "**homes que valían por mil**", como Francisco Fernández del Riego. Que a súa lembranza e o seu entusiasmo estean sempre ao noso carón.

Moitas grazas.